



Proposta de adxudicación relativa á contratación do servizo para a xestión dos sistemas de información do Parlamento

I. O 30 de xuño de 2015, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa do servizo para a xestión dos sistemas de información, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 1.332.852,52 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 491, de 7 de xullo de 2015. Os anuncios de licitación foron publicados no Diario Oficial da Unión Europea S129, do 8 de xullo de 2015, e no Boletín Oficial do Estado nº 171, de 18 de xullo de 2015.

II. Rematado o prazo constatouse a presentación dunha única proposición:

- Tecnom, telecomunicaciones y energía, S.A.

A Mesa de contratación procedeu ao estudo da documentación presentada pola empresa no sobre "A", que foi admitida a participar na contratación.

III. En sesión pública celebrada o 14 de setembro se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión da oferta presentada e procedeuse á apertura do sobre "B", que foi trasladado ao Servizo de Tecnoloxías da Información para a súa valoración.

Na sesión pública celebrada o 8 de outubro a Mesa de contratación comunicou que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación, determínase que a oferta presentada Tecnom, telecomunicaciones y energía, S.A. cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no PPT, se valora positivamente a documentación presentada polo licitador no seu sobre B e que non se considerou necesaria a atribución de puntuación por ser innecesario ao tratarse da única oferta presentada.

Posteriormente procedeuse á apertura do sobre C; a oferta presentada pola empresa licitadora foi a seguinte:

- *Prezo anual:* 300.000,00 €.
- *IVE (21 %):* 63.000,00 €.
- *TOTAL ANUAL:* 363.000,00 €.
- *Bolsa de horas para tarefas de consultoría:* 100 horas.

O 19 de outubro a Mesa de contratación analizou o contido sobre C da única empresa concorrente e constata que oferta económica esta dentro do orzamento de licitación e, en xeral, cumpre os requisitos esixidos nos pregos, polo tanto acordou proporlle á Mesa do Parlamento de Galicia que requirira a Tecnom, telecomunicaciones y energía, S.A. a presentación da documentación do apartado 6 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

IV. Á vista da proposta de Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento, previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou requirirle a Tecnom, telecomunicaciones y energía, S.A., a presentación da documentación prevista no prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Dito Acordo foi notificado electrónicamente e recibido pola empresa o 27 de outubro de 2015.


V. O 6 de novembro Tecnocom, telecomunicaciones y energía, S.A. constituíu na Intervención da Cámara a garantía definitiva mediante o depósito do aval nº 0182000852255 de Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. por importe de 30.000,00 €, e acreditou o pagamento do anuncio de licitación, cuxos xustificantes presentou no Rexistro da Cámara o 10 de novembro (registro nº 43661).

VI. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:



- *Adxudicar o contrato administrativo para a prestación do servizo para a xestión dos sistemas de información á empresa Tecnocom, telecomunicaciones y energía, S.A., polos seguintes importes:*

- *Prezo anual: 300.000,00 €.*
- *IVE (21 %): 63.000,00 €.*
- *TOTAL ANUAL: 363.000,00 €.*
- *Bolsa de horas para tarefas de consultoría: 100 horas.*

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2015.



Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia